

**20 SEIS
CONCU
RSODEE
SCAPA
RATESD
ENADAL
2MIL'15**



**Concello de
OURENSE**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Cámara
Ourense

caldaria
Hoteles y Balnearios

**20 SEIS
CONCU
RSODEE
SCAPA
RATESD
ENADAL
2MIL'15**



**Concello de
OURENSE**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

Cámara
Ourense

BASES PREMIO 2 MIL 15

1º participación

Poderán participar todos os establecementos comerciais que o soliciten e estén ubicados no concello de Ourense, previa inscrición.

2º valoración

O tema a desenvolver será sobre o Nadal, deixando total liberdade no tocante a técnica e estilo, valorando estes tres criterios: creatividade e orixinalidade; combinación de elementos e cores; iluminación e composición.

A valoración máxima por criterio será de 3 puntos, sendo o mellor escaparate o que máis se aproxime aos 9 puntos.

3º inscricións

AAs inscricións formalizaranse por escrito debidamente cumprimentadas e asinadas na Cámara de Comercio de Ourense. O prazo límite para inscribirse remata ás 14.30 h do 2 de decembro. A inscrición no concurso leva implícita a aceptación destas bases.

4º obrigas

Os participantes deberán dispor os escaparates dende o 4 de decembro. Ademais **deberá estar visible o distintivo de participación no Concurso** facilitado pola Cámara no momento da inscrición. A ausencia do mesmo ou a intencionada dificultade para a súa localización, será causa de exclusión na participación do establecemento.

Os escaparates deberán estar iluminados ata as 22.00 horas.

O participante deberá enviar unha fotografía (preferiblemente en formato dixital) do escaparate que concursa, ao Concello antes das 20.00 horas do 9 de decembro (escaparates@ourense.gal) indicando o establecemento comercial ao que pertence a fotografía enviada e a súa dirección.

5º xurado e acto de entrega de premios

A organización designará aos integrantes do xurado, composto por un membro do Concello, outro da Cámara de Comercio e un profesional do mundo das artes, o seu fallo será inapelable. O xurado visualizará as fotografías dos escaparates participantes e visitará os escaparates seleccionados, poderá facelo a partir do 11 de decembro, tamén actuará coma xurado do premio popular os cidadáns ourensáns que poderán votar o seu escaparate favorito a través das páxinas web www.ourense.es ou www.camaraourense.com.

A relación de premiados farase pública nun acto oficial que terá lugar o día 23 de decembro ás 12.00 horas no salón de plenos do Concello de Ourense. Previamente será comunicado de maneira expresa aos seis establecementos finalistas.

É imprescindible recoller o premio o día da entrega. De non presentarse, e non acreditar causa xustificada, entenderase que o agraciado renuncia ao mesmo.

6º premios e sorteos

Tres premios na capital de:

1º: **800€** + diploma | 2º: **600€** + diploma

3º: **400€** + diploma

Premio o mellor escaparate por votación popular: **100€**

Premio CALDARIA para escaparates participantes

Sorteo dunha estancia para dúas persoas outorgada por Hoteis e Balnearios CALDARIA entre todos os participantes do XXVI Concurso de Escaparates de Nadal de Ourense. O sorteo celebrarase no acto oficial de entrega de premios do concurso, o día 23 de decembro as 12 horas no Salón de Plenos do Concello de Ourense (Prz. Maior, s/n).

Ningún premio poderá ser acumulable a un mesmo comercio (incluído o premio do sorteo).

20 SEIS CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2015

boletín de inscrición

Nome do establecemento

Actividade

Enderezo

CIF ou NIF da empresa

Teléfono

Correo electrónico

Responsable

sinatura

A persoa firmante autoriza o tratamento de datos persoais e a súa inclusión nun fichero xestionado pola Cámara de Comercio e Industria de Ourense e o Concello de Ourense coa finalidade de estadística e oferta dos servizos da Cámara ou o Concello. O interesado poderá exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición recoñecidos na Lei Orgánica 15/1999 mediante correo electrónico (camara@camaraourense.com) ou por correo ordinario á Cámara (Avda. Habana, 30 bis - 32003 Ourense).